

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/3	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Aprobación do Orzamento municipal para o exercicio 2022.»
Data	25 de marzo de 2022
Duración	Desde as 9:33 ata as 10:56 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Verónica Tourón Domínguez
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ



Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Sra. Alcaldesa: Bos días a todos e todas. En nome do equipo do goberno e creo que de toda a Corporación, darlle o pésame ao compañeiro de corporación Primitivo.

Sr. Rodríguez Davila: Bos días, trasladarlle a Primitivo en nome do Grupo Popular, aínda que en persona xa llo transmitimos, agradecerlle o esforzo que fai por, estar aquí con todos nós, cando se pode se está e cando non se pode non se pode estar. E segundo lugar deixar constancia na acta o noso desacordo co pleno a esta hora sobre todo nun tema tan importante como é un REC por 1.270.000€ de facturas sen pagar do ano pasado e tamén a aprobación do orzamento, creo que son dous motivos tan importantes que non deberíamos estar a esta hora da maña debatendo e si en horario de tarde, polo tanto una vez máis o noso desacordo co pleno extraordinario a estas horas.

Sra. Castiñeira Alén: Bo día, súpome as palabras de Santi de apoio ao compañeiro Tivo, sabe persoalmente o aprecio que lle teño a el e a súa compañeira Rosa, ademais de á familia, é certo que na vida chega este momento pero cando se trata de alguén cercano sempre doe, doe moito costa despedirse, o noso apoio está hoxe contigo Tivo.

Sr. González Coto: Bo día, sumarme as palabras de toda a corporación todo o noso apoio a Primitivo e a toda a súa familia neste momentos.

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 633/2022. Aprobación o orzamento municipal para o exercicio 2022

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 5, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sra. Pereira González: Bos días, súpome tamén as palabras de pésame ao compañeiro Primitivo. Este é o cuarto orzamento que este equipo presenta para aprobación plenaria nun período inferior a tres anos. Teño que recoñecer que non era o mes de marzo a data que esta Concelleira de Facenda planificaba traer esta aprobación pero as necesidades, os imprevistos, as incidencias que foron xurdindo dende os dous últimos meses do ano ata aquí nos departamentos de tesourería e especialmente de intervención, con requirimentos do Ministerio, con intento de cambio de programa de contabilidade que non resultou e que nos tivo



empantanados practicamente tres semanas, fixeron que fose realmente imposible traer esta aprobación antes, o que un quere a veces non é o que un pode.

Non quero deixar a oportunidade de darlle as grazas ao departamento de intervención porque son departamentos con pouco persoal e aínda así poñen sempre o seu esforzo para que os expedientes cheguen a termo da mellor maneira posible ou no menor prazo de tempo posible.

O orzamento para o exercicio 2022 presentase por un importe de 5.461.677,05€ tanto no seu apartado de gastos como no de ingresos, como era de esperar debido a política de forte rebaixa fiscal que apostamos durante o exercicio anterior, este goberno e esta Corporación, o orzamento redúcese de maneira sensible respecto do orzamento do ano anterior en algo máis de medio millón de euros, non porque non sexa necesario o gasto, senón debido a esa redución de ingresos. Por facer un breve resumen e atendendo a distribución do orzamento en capítulos:

Capítulo I, é o capítulo dedicado a gastos de persoal está dotado con 1.925.802,79€, é o capítulo máis grande despois do gasto corrente, representa o 35% do orzamento e pese a redución do orzamento este capítulo en concreto increméntase en 100.000€ aproximadamente. Da cobertura as 44 prazas que a RPT establece, aínda que das once que non están ocupadas, en una porcentaxe en algún caso de forma simbólica debido a dificultade de que se poidan cubrir en este ano, pero mesmo así todas elas teñen consignación económica. Recóllese o incremento salarial fixado para este 2022 que ademais xa se está aplicando e recolle ademais contía suficiente para dar cabida aos trienios do persoal laboral, xa se anunciou na mesa de negociación e tendo en conta o avanzado da negociación do convenio e os bos pasos que se están dando, e que todo apunta que pronto se verá o fin deste negociación, como mostra do compromiso firme deste goberno, no momento no que se anunciou a nosa disposición de aprobar eses trienios e para que no momento no que sexa ese acordo efectivo se poidan empezar a aplicar sen necesidade de una modificación orzamentaria, pois xa se recolle contía suficiente para dar cabida a eses trienios.

Capítulo II, é o capítulo máis grande do orzamento, 2.717.227€, representa practicamente o 57% do orzamento e onde recaen ademais a maioría de gastos. Aquí entra a facturación de todos os gastos necesarios para o funcionamento do Concello e para as obrigas. Neste caso o orzamento redúcese en 475.000€ aproximadamente e non porque non sexa preciso o gasto senón porque a redución de ingresos conleva necesariamente a redución do gasto e hai certas partidas que están blindadas, que non se poden rebaixar e outras, como é o do gasto corrente, que é onde nos teremos que axustar.

Capítulo III, xunto co IX son os gastos destinados a préstamos, tanto a débeda coma aos intereses. Neste apartado redúcese tamén considerablemente o crédito xa que no 2022 procederemos, no mes de maio, á cancelación dun dos dous préstamos que temos en vigor e ademais é o préstamo que ten as amortizacións de maior contía e



polo tanto, nótase esa redución que pasa de 162.000€ no ano anterior a 103.000€ neste ano na suma dos dous capítulos.

Capítulo IV, capítulo de transferencias correntes, son aquelas transferencias que dende o Concello se fan sen que medie unha factura de servizos, recóllense as cotas a diversos organismos como a FEMP, FEGAMP o BDR. Recóllense novamente 30.000€ para subvencións por concorrència competitiva para as traídas de augas e vólvese a manter o listado de subvencións nominativas ao noso tecido asociativo. O ano pasado fíxose un importante incremento en número de asociacións, este ano non se pode incrementar nin en número nin en contía pero mantense os 126.000€ para as 32 asociacións que se recolleran o ano anterior e que veñen no cadro do anexo.

Capítulo VI que é o capítulo dedicado a inversión, dotado con 457.210,32€ e neste caso debido ao elevado número de facturas que hai no recoñecemento extraxudicial de crédito pendentes de aplicar o orzamento do 2022, optamos por non prever ningunha nova inversión máis alá da aportación a subvencións anuais, como pode ser o Plan Marco e a adquisición da compra da Cámara Agraria que como sabedes pagamos en cotas. I

O orzamento de ingresos agrúpanse en catro capítulos:

Capítulo I de impostos directos aquí está a recadación do IBI, o imposto de vehículos, imposto de actividades, este é o capítulo que sofre un maior descenso, si ben o pasado ano aumentou de maneira importante ao ternos comunicado a Dirección Xeral do Catastro o inicio do procedemento simplificado de valoración colectiva que ía ter efectos na recadación no ano 2021. Este ano despois da redución do tipo impositivo do IBI xunto coas bonificacións, as excepcións para os recibos de menos de 7€ fai que a redución neste apartado sexa importante. É certo que tamén podemos prever un incremento polos atrasos que este procedemento xerou pero tamén é certo que é un pouco complexo de determinar a estas alturas o cálculo de eses importes. Como sabedes a xestión deste imposto no Concello de Salceda esta delegado no ORAL e por todos é coñecido as numerosas incidencias que xurdiron a hora de poñer ao cobro eses recibos dos atrasos; primeiro, ao poñer os tres anos cando estaba acordado e solicitado por este pleno que os atrasos fosen de ano en ano, despois ao emitir os recibos do ano 2018 sen ter descontado a parte xa pagada e a realidade é que neste 2022 se deberían ingresar os atrasos do 2018 que se emitiron a finais do ano 2021 como estaba previsto tan a finais pero que o pago se materializa no ano 2022 e como estaba previsto tamén os atrasos do ano 2019, tendo en conta que na miña última conversa coa dirección do ORAL aínda non resolveran todos os do 2018 e que xa estamos no mes de marzo, ante a dúbida si vai a ser posible ou non a emisión da totalidade dos atrasos do 2019 no segundo semestre do ano, como estaba previsto e sendo prudentes, se estima unha recadación de 1.325.000€ no apartado do IBI o que sería 1.120.000€ do que se cobraría segundo o padrón do ano pasado co tipo impositivo deste ano, restándolle as bonificacións e sumándolle as posibles atrasos que poidamos recibir neste ano



tanto no 2018, que serán na súa integridade, como os do 2019 si finalmente se emiten e se cobran neste ano, estimamos con prudencia ese 1.300.000€.

O Capítulo II impostos indirectos, ICIO, neste caso mantéñense os 50.000€ que se traían do exercicio anterior, xa que é unha cifra bastante axustada á vista das liquidación.

Capítulo III taxas e outros impostos. Neste capítulo fíxose un traballo de depuración, posto que se viñan arrastrando ingresos en determinadas partidas de maneira repetitiva que despois na liquidación non se viñan correspondendo, non tiñan o seu reflexo. O que se fixo foi un traballo de media dos tres últimos exercicios e o importe que se determina para este capítulo son 568.980€.

Por último, o Capítulo IV que recolle as transferencias correntes, contéplase a cantidade de 2.943.197,05€, si ben é certo que a cifra final de capítulo é moi semellante ao do exercicio anterior. Tamén é certo que neste capítulo se fixo unha depuración e hai bastantes variacións nas partidas que o conforman, as transferencias do Estado soben, o fondo de compensación local baixa. Hai tamén incremento no prezo da hora do SAF, hai bastante baile nas partidas aínda que na cifra final é moi semellante ao do exercicio anterior.

O expediente conta cos informes favorables de intervención e secretaría e despois desta aprobación plenaria someterase a un período de exposición pública de quince días despois da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Sr. Núñez Troncoso: Bos días. Estamos ante un documento, o orzamento 2022, por importe de 5.461.677,05€ que debería ser o documento guía da xestión económica do Concello pero como estamos vendo, para o goberno parece que non é, primeiro porque xa ven catro meses fora de prazo. Di a concelleira, sempre poñendo excusas ano tras ano, que o problema é doutros organismos ou dos técnicos. Non sei como fan outros Concellos, que entra en vigor o orzamento o 1 de xaneiro que é cando realmente debería entrar en vigor, así o di a normativa e así nolo recorda a Sra. Secretaria municipal. Cando entre en vigor este orzamento, xa vamos a partir de que hai 1.731.000€ dos que xa non podemos dispor, porque hai que pagar, como di a concelleira, facturas que se deixaron sen pagar do 2021. Polo tanto, vamos a dispor de 3.730.000€ para o gasto de funcionamento do Concello para todo o ano 2022 a todas luces insuficiente. Un exemplo, na área de educación temos traballos de limpeza, reparación, enerxía, etc... hai unha redución con respecto ao orzamento do 2021 dun 26,5%, se orzamenta 254.000€ cando no exercicio 2021 se pagaron nesta área 346.000€ pero que a maiores deses 254.000€, hai que minorarlle 73.400€ para pagar as facturas na área de educación que quedaron pendentes do 2021, é dicir, do que se pagou nesta área no 2021 só vamos a dispor no 2022, un 52%, ou sexa 180.000€, ou dito outra forma, van quedar facturas sen pagar desta área que van ir a cargo do orzamento do 2023 de 165.000€. Publicidade e propaganda – atencións protocolarias, presupostan vostedes 76.125€, estaban incluídos os vídeos



propagandísticos que nos valen ao ano 18.000€, é certo, hai que recoñecer que reducen esta partida 19% pero moi lonxe do que dicía a Alcaldía fai uns anos de reducir esta partida un 75%. Sra. Alcaldesa, resulta que esa redución de 17.000€ son en áreas que lles corresponden a vostedes do Partido Socialista, as áreas de Movemento Salceda de gasto de publicidade, propaganda e gastos protocolarios non se reducen. Anexo de subvencións exactamente igual que o do 2021, o que vimos dicindo ano tras ano, por exemplo, as subvencións aos centros culturais había que darlle unha volta no sentido de que hai centros culturais que teñen unha cantidade de socios e as actividades que realizan, uns realizan máis actividades que outros, creo que había que baremar iso un pouco e non darlle a todos por igual. Seguimos votando en falta a subvención tamén para a outra asociación de comerciantes que hai en Salceda, temos dúas constituídas legalmente pero se lle contempla unha subvención a unha pero a outra non se ten en conta, cando as dúas están legalmente constituídas. Anexo de investimentos, isto é inaudito. Nos di a compañeira de área que non se prevé ningunha inversión no 2022 neste Concello, dos 457.000€ que hai contemplados neste anexo – inversión real, 10.000€ son para o Plan Marco e 5.000€ para as cotas de adquisición da Cámara Agraria, o resto, o 97% restante son para pagar facturas de inversión e de adquisición de subministros que deixaron vostedes sen pagar do ano 2021. Onde está a planificación aquí? Xa non estamos dicindo que se planifiquen obras a dous anos, falamos de facturas de moito importe, non é unha factura de 500.000€, son facturas de moito importe que deberán requirir unha certa planificación. Léolle o que di o informe de intervención *“na realización de todo tipo de gasto público se deber ter en conta as seguintes premisas: “estricto control, contención, limitación, austeridade e planificación”* xusto o que fai este goberno sobre todo a planificación. Sego lendo: *“para evitar a existencia de facturas sen consignación orzamentaria será necesario que os ordenadores do gasto actúen con prudencia, se lembra unha vez máis a necesidade de acudir sempre con carácter previa a realización do gasto ó departamento de intervención co fin de comprobar a existencia de crédito”*, estalle dicindo que antes de gastar, antes de adxudicar a dedo uns traballos de inversión, que pasen por intervención e lle consulten si hai diñeiro para poder pagar eses traballos, cousa que non están facendo, e este texto de intervención non é para este ano en concreto, é reiterado ano tras ano.

Capítulo de ingresos, nos chama a atención que a liquidación de ingresos de atrasos do 2018 o Goberno prevé unha recadación de 400.000€, aínda estamos esperando como quitaron ese dato ou o inventaron ou teñen algún documento de ORAL onde lle fan unha estimación desa liquidación de atrasos, non sei porque non o traen a este pleno e iso que o pedimos reiteradamente, 400.000€ que prevé ingresar o Goberno, é dicir, un 44% máis do que os veciños pagaron no 2018, os recibos que pagaron os veciños no 2018, estes atrasos van a implicar un 44% máis pero o mesmo vai pasar no 2019, un 44% máis e no 2020 un 47% máis, grazas a que anterior Alcaldesa, M^a Dolores Castiñeira, solicitou ao Catastro a aplicación de coeficientes, o que implica un incremento do valor catastral dun 3% e o que implica un incremento do recibo do IBI dun 3%. Polo tanto a nós nos gustaría apoiar un orzamento pero non nos deron opción a participar nel e desde logo con estes datos nós non vamos a dar o



noso consentimento a estes Orzamentos.

Despois, si vostedes leen o informe de intervención, con respecto a realización do gasto, lean o que di con respecto ás irregularidades do persoal, lean o que di ao respecto das recomendacións para reducir o gasto corrente, lean o que di ao respecto da política estrita do gasto, sobre os fraccionamentos dos contratos, a conclusión é favorable é certo, pero tamén o di claramente con salvedades, e lle vou a ler algunha salvedade, contratación verbal: *“Se debe ter presente a necesidade de cumprimento da consignación existente nas diferentes aplicacións orzamentarias, sen superar o límite de gasto que se impón na normativa de estabilidade, e de cumprimento da normativa de contratación pública, que prohíbe expresamente a contratación verbal”* que é o que esta ocorrendo aquí neste Concello *“agás casos de emerxencia taxados, ou sen consignación”*. Leo outro párrafo do informe respecto dos gastos sen consignación orzamentaria *“Lémbrese que no presente exercicio xa foi obxecto de aprobación e imputación ao orzamento corrente un recoñecemento extraxudicial de créditos de importe superior a 450.000 de euros que se leva a aprobación xunto co presente proxecto de orzamento, con imputación ao mesmo, un segundo recoñecemento extraxudicial de crédito por importe superior aos 900.000,00 euros”* aquí hai un erro é 1.270.000€ *“estes recoñecementos obedecen na súa maior parte, a gastos realizados sen consignación orzamentaria”* ou sexa, contratación verbal e a maiores sen consignación orzamentaria.

Sra. Alcaldesa: Grazas Lucía pola exposición, creo que quedou ben clara a exposición por capítulos do orzamento. Tamén quedou claro que se aprobaron catro orzamentos en menos de tres anos, que nunca se ten en conta cando fala o compañeiro do Partido Popular do traballo que iso supón non solo do traballo do equipo de goberno, senón do traballo dos técnicos e técnicas da área, nun momento ademais moi complexo administrativamente por varias razóns que xa comentou a concelleira de Facenda, pero ademais pola situación que nos rodea, que tivemos que facer fronte a outras moitas necesidades urxentes que a pandemia nos puxo diante e que había que atender. A min o que me sorprende do Partido Popular é que cando traemos un orzamento, o ano pasado moi alto, era o orzamento máis alto da historia de Salceda, queixábase porque era un orzamento moi alto neste momento, agora queixase porque é un orzamento moi baixo, porque un orzamento feito dende o punto da vista, que é fundamental, que é o da prudencia e entón se queixan porque non metemos inversión e se reducen os gastos.

Creo que hai que recordarlle ao Partido Popular, que sabe ademais, que se celebraron 16 plenos o ano pasado dos que en 13 se falou do IBI, da redución do IBI, das bonificacións do IBI, da redución do tipo impositivo, da exencións dos recibos menores de 7 € etc... o que nos leva a que haxa unha redución de ingresos coa correspondente redución de gastos, pero o Partido Popular e o compañeiro Joaquín non lle serve lembrar todos eses plenos que eles mesmos pedían e formaban parte deses acordos que se tomaron en pleno e que tamén nos levan a ter este orzamento. En canto a alusións directas, esta Alcaldesa dixo que se reducía o 75% da publicidade,



non lembro dicir unha porcentaxe da redución da publicidade pero si é verdade que ao mesmo tempo que di que esta Alcaldesa dicía a redución, nos está dicindo que as áreas deste grupo municipal se reducen en publicidade, non sei si ten claro que de verdade cumprimos ou non cumprimos ou si simplemente é o día a día de cada pleno dicir que non cumprimos con nada. Hai que recordarlle que dentro dese capítulo de publicidade están as axudas a deportistas que tanto nos insiste o Partido Popular que hai que aumentar e que hai que dar, e nos estamos totalmente de acordo con iso, tamén hai que dicilo que nesa partida de arredor de 70.000€ están esas axudas directas a deportistas.

En canto ás subvencións nominativas, din que non se lle da subvención a unha Asociación de Comerciantes, está falado co presidente desa asociación que non se lle pode dar unha subvención se non está no rexistro do Concello, a parte de que se falou un montón de veces con el, ao mellor 20 veces ao longo do ano pasado para que se rexistraran para distintas iniciativas, o que non se lle pode é dar unha subvención a unha asociación que non está rexistrada no rexistro municipal de asociacións do Concello, de feito incluso se lle convidou a que o fixera, se lle convidou a que participase no Consello de participación veciñal, se lle convidou a que se formase parte das actividades de dinamización e das campañas de dinamización que tanto este goberno municipal como a asociación de comerciantes de ACISA puxo en marcha e o resultado non fai falta que o diga eu porque se ve. En canto a inversión, efectivamente temos que traer un orzamento no que non podemos traer inversión pero tamén afortunadamente temos administracións que invisten en Salceda, administracións que axudan aos Concellos e ás Administracións Locais e temos o Plan Concellos da Deputación que nos vai permitir xestionar moita inversión, temos outros Plan como o REACPON que tamén nos permiten xestionar moita inversión. A min gustaríame que a Xunta de Galicia fixese o mesmo, aprobase un plan para apoio aos Concellos e nos permitise investir nas necesidades das veciñas e dos veciños.

Sra. Pereira González: O expediente ten informes favorables de intervención e secretaría, e como vexo que os leu perfectamente tamén vería que en ningún sitio pon que falte ningún documento. Expliqueillo na Comisión informativa e hoxe expliqueillo na miña primeira quenda, sei que vostede ten capacidade suficiente para entendela polo tanto non llo vou volvelo repetir, o Orzamento é unha previsión e como previsión que é, asesorados polos departamentos de intervención e tesourería, dende o goberno estimamos esa recadación. Lémbrolle que se trata do cuarto orzamento que este goberno trae a sesión plenaria e que non me costa dicirlle que nin de lonxe seguramente este sexa o mellor orzamento do Concello e que tanto a min coma aos meus compañeiros nos houbera gustado un orzamento con un ou dos millóns por encima do que traemos hoxe a aprobación plenaria, pero saben o que pasa? que para que no apartado de gastos poidamos ter eses oito millóns tamén hai que ter eses oito millóns no apartado de ingresos e dende esta Corporación estivemos todos de acordo en baixar o tipo impositivo do IBI, unha das fontes máis fortes de financiación dos Concellos ao mínimo legal, estivemos todos de acordo en



aprobar exencións para os recibos de menos de 7€, estivemos todos de acordo en aprobar bonificacións para un montón de parcelas que se poden acoller, incluso bonificacións a vehículos e si por vostedes fora continuabamos, eliminábamos as plusvalías, o recibo do lixo, pero hai que ser consecuentes e hai que ser responsables e o que se di nun pleno ten consecuencias en outro, entón non sei a que ven agora asombrarse e levarse as mans a cabeza de que se reducen os gastos, porque é obvio si se reducen os ingresos temos que reducir os gastos. Peso a todo, pese a que non é un orzamento para tirar cohetes, creo que é un orzamento digno para o nivel de ingresos que o Concello ten, e que pese a rebaixarse en medio millón de euros nos permite manter o compromiso co tecido asociativo con máis de 125.000€ para 32 asociacións deste concello, 30.000€ para subvencións para concorrencia competitiva para as traídas de augas, máis de 900.000€ nas partidas de servizos sociais, 250.000€ nas partidas de ensino, 276.000€ nas partidas de cultura e 340.000€ en deportes, máis de 400.000€ en seguridade e mobilidade cidadá. Facemos fronte a todas as obrigas financeiras, cumprimos co noso capítulo de persoal e o gasto que queda se distribúe en porcentaxe entre as distintas áreas. Creo que non hai escusa nin fundamento para a súa negativa sistemática, unha vez pode valer, dúas veces, catro veces consecutivas votando en contra do orzamento non ten razón. Cando non se facía porque non se facía, agora que se fai tampouco lles vale, un ano porque os ingresos eran excesivos, outro ano porque os gastos son escasos e ademais seguramente se dediquen a ralentizalo. Conformar o orzamento é unha prerrogativa da Alcaldía e polo tanto deste goberno a xuízo dos órganos de intervención o orzamento é correcto e o orzamento que presenta este goberno para o exercicio do 2022.

Sr. Nuñez Troncoso: No informe de intervención claro que non di que falte documentación, nós nunca dixemos iso, o que di son unhas salvedades que lin antes. Capacidade de entender, dixo antes, a nós non fai falta que nolo explique, explíquello vostede aos veciños. Lembra cando dicía que os valores catastrais non mudan, dígallo aos veciños si mudaron ou non mudaron, quen plantexou a baixada do tipo, vostedes? Lembre o pleno de febreiro cando propuñan a ver si baixamos ao 0,45 e este grupo propuxo baixar ao 0,40. Bonificacións de parcelas, aquí no pleno de agosto este grupo propuxo bonificar parcelas e non só as que vostedes bonificaron senón máis aínd. Dígame vostede como se vai conceder unha parcela que ten un fronte mínimo de tres metros, esa non esta bonificada, se lle pode conceder lincenza? Non verdade? Plusvalía, nós propuxemos a eliminación da plusvalía pero a Alcaldesa tamén o propuxo e aí segue a plusvalía. Con respecto da redución de gasto, claro que hai que reducir gastos e sobran onde, lembre que vostedes son o goberno máis caro de toda a Galicia.

En relación ao que dixo a Sra. Alcaldesa de aprobación de catro orzamentos en tres anos, é que para traer estes orzamentos non fai falta aprobar catro orzamentos, só con ler o informe de intervención xa é suficiente, para traer este tipo de orzamentos e despois recoñecer ao ano seguinte 1.700.000€ como vai pasar no seguinte punto, case escusa de elaborar os orzamentos porque a planificación é nula e non digamos



nada do control do gasto. En canto ao orzamento alto, todos os anos estabamos en catro – cinco millón excepto o ano pasado que vostedes quixeron mandarlle un sablazo aos veciños e subíronmo a seis millóns, así claro que hai orzamento alto, en canto a redución de ingresos, onde hai relación de ingresos falan polo IBI no ano 2020. a recadación do IBI foi 900.000€ que máis ou menos era similar todos os anos, no 2021 vostedes o incrementaron a 1.700.000€, recadaron 1.300.000€, redución de ingresos pero con respecto ao 2021 pero con respecto ao 2020 aínda hai máis ingresos ou no?

En canto redución de publicidade, nós non estamos en contra que haxa que reducir esta partida, dígame vostede unha acta onde este recollida iso, e sabemos que aí hai axudas a deportistas, tamén dixemos e planteouxe no seu día neste pleno facer unha ordenanza para dar subvencións a deportistas de alto nivel, aínda hoxe estamos esperando. En canto á subvención da asociación de comerciantes, dígame vostede a normativa onde está regulada que para darlle unha subvención a unha asociación legalmente constituída teña que estar inscrita no rexistro do Concello, dígame vostede onde esta esa normativa? Ese é un criterio que vostedes teñen pero non está regulado en ningún lado, salvo que se nos escape.

Inversión da Xunta, neste orzamento a Xunta aporta 631.000€, aportou ao Plan de rescate da hostalaría 145.000€, plan de mellora de camiños 37.000€, senda peonil de Parderrubias 850.000€, plan integral de emprego 250.000€, implantación de bacharelato, subvencións a traídas de augas, subvencións a comunidade de montes, subvención a agrupación civil, 25.000€ contratación persoal técnico para actividades orientación laboral, 20.000€ subministro extraordinario de vídeo marcador, 6000 do “AGADIR” para actividades culturais, 51.000€ para contratación de persoas en situación de exclusión social RISGA, que é pouca inversión da Xunta? podemos considerar que é pouco, xa nos gustaría que fose máis pero de iso a dicir que a Xunta non inverte en Salceda hai un abismo.

Sra. Alcaldesa: En canto a Asociación de Comerciantes reuninme con él arredor dunhas vinte veces polo menos ao largo de todo o ano 2021, co cal teño ben claro cales foron as propostas que se lles fixeron, cales fixo a asociación de comerciantes no que participaron, o que colaboraron e o que nós intentamos colaborar. En canto ao IBI, recórdolle no mes de xuño, nunha intervención miña lle dixen que había que estudar as bonificacións e vostede mesmo me dixo que non tiñan cabida as bonificacións no artigo 75, despois cambiou porque lle lin no pleno do mes de agosto o párrafo que vostede dixera, efectivamente dicía iso. Creo que o equipo de goberno goberna, o equipo de goberno presentou unha relación de medidas en canto ao IBI que se levaron a cabo todas, co cal creo que fixemos o noso traballo que era o que nos correspondía.

En canto a inversión eu non dixen que a Xunta non investira, dixen cando a Xunta vai a quitar un plan igual ao da Deputación para que os Concello poidan decidir que inversión é necesaria e poder xestionala, cando vai a quitar un plan deses, iso foi o



que eu dixen, non que non investira a Xunta de Galicia, cando o vai a facer e distribuír o diñeiro de todos e de todas dunha forma equitativa entre todos os Concellos.

Sra. Pereira González: Creo que é un orzamento que nos permite facer fronte as nosas obrigas e que distribúe os ingresos da mellor maneira e da maneira máis equitativa entre as distintas áreas de gastos. A cuestión do IBI e outros asuntos de plenos anteriores, sobran xa as explicacións dadas. Este equipo de goberno plantexou no inicio do ano pasado un libro de ruta e foi o que se seguiu ao largo de todo o ano e planteamos medidas coherentes e que nos permitan ao mesmo tempo manter un orzamento, porque efectivamente vostedes plantexaban bonificar todas as parcelas e despois que ía pasar este ano no orzamento, despois como iamos soste o orzamento, despois entón si que se ían a votar as mans a cabeza cando non houberse gastos corrente. Inversión ao longo deste ano 2022 haberá máis que de sobra, con fondos propios non é posible, levouse a cabo no 2021 máis da prevista e neste 2022 haberá inversión máis que de sobra e efectivamente, si a Xunta tivera a ben máis inversión podería haber aínda máis.

Sr. Núñez Troncoso: Fala vostede do IBI, Sra. Alcaldesa, o artigo 174.4 da Lei de Facendas Locais, fala de bonificacións sociais e o único que contempla e o de familia numerosas, por certo que vostedes rexeitaron unha proposta nosa para incrementar esas bonificacións a familias numerosas. A Asociación de Comerciantes, non sei si vostede sabe quen é o presidente da Asociación de Comerciantes, non me contestou en que normativa está regulado que non se lle poida conceder unha subvención si non está inscrito no rexistro do Concello. Fala tamén da Xunta, a cantos Concellos de Galicia se lle concedeu o Plan Integrado de Emprego? A Salceda si e a cantos máis de Galicia?

Sra. Concelleira de área, vostede se contradí, agora resulta que traen uns orzamentos que non contempla inversión, agora resulta que inversión vai a ver, vostedes cree que se pode planificar, facer un plan de inversións con ocorrencias, con facturas altas, pero sé tan complicado planificar para o exercicio seguinte que obras ou traballos hai que facer? Hai facturas que entran de reparación, que non son tal reparación, para evitar o filtro de intervención, que se poden planificar, e non digo que non haxa que facelas, o que hai é que planificalas e contemplalas no orzamento para que despois non teñan que esperar os provedores un ano, medio ano ou sete meses como é este caso, para poder cobrar esas facturas. Só estamos pedindo iso, non creo que sexa tan complicado, e non llo dicimos nós, o informe de intervención é contundente a ese respecto, contratacións a dedo, verbais, fraccionamento de contratación, o di intervención, non sei porqué negan vostedes a realidade ou leron só o apartado final, que neste caso é favorable coas salvedades que estamos falando ou non sei porque o informe de intervención a este respecto é contundente. Agora vostedes sigan pechando os ollos, miren para outro lado, total aquí non pasa nada e volveremos para o ano con outro recoñecemento de un millón e pico de euros.



Sra. Alcaldesa: Creo que hoxe aquí o máis importante é o orzamento, o traballo que se leva feito dende a concellería de facenda, dende o departamento de intervención e iso é o que vamos a aprobar aquí hoxe. E por alusións, dicir que si sei cantos programas integrados concedeu a Xunta este ano, tamén sei os que tiña o ano pasado que decidiu darllos todos ás entidades sen ánimo de lucro que ela decidiu a dedo tamén e o único Concello que tiña o Programa integrado de emprego na provincia de Pontevedra era por casualidade Mos. Esta concelleira reclamou publicamente que se volviera ás políticas de emprego de antes e se volviera aos Programas integrados de emprego para as entidades locais e non as entidades sen ánimo de lucro ou outras entidades privadas. Por certo, que si temos o programa integrado de emprego e gracias ao traballo desta concelleira de emprego e ao traballo do CDL do Torrón, senón non o tiñamos, por certo moi bo traballo de todo o equipo que teño no CDL. Paso a dar lectura da proposta de acordo seguinte:

“Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2022, así como, as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto o Informe de Secretaría núm. 2022-0007 de data 16 de marzo sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto e coñecido o contido do informe da Interventora municipal núm. 2022-0035 de data 16 de marzo.

Visto o Informe de Intervención municipal núm. 2020-0034 de data 16 de marzo do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do obxectivo de débeda.

Vista a competencia plenaria para a aprobación do orzamento municipal, segundo o exposto no artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2022, xunto coas súas Bases de execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:



ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	<i>Impostos directos</i>	1.899.500,00
2	<i>Impostos indirectos</i>	50.000,00
3	<i>Tasas e outros ingresos</i>	568.980,00
4	<i>Transferencias correntes</i>	2.943.197,05
5	<i>Ingresos patrimoniais</i>	0,00
OP. CORRENT		5.461.677,05
6	<i>Enaxenación de investimentos reais</i>	0,00
7	<i>Transferencias de capital</i>	0,00
8	<i>Activos financeiros</i>	0,00
9	<i>Pasivos financeiros</i>	0,00
OP. CAPITAL		0,00
TOTAL PTO.		5.461.677,05

ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	<i>Gastos de persoal</i>	1.925.802,79
2	<i>Gastos de bens correntes e servicios</i>	2.717.227,10
3	<i>Gastos financeiros</i>	6.500,00
4	<i>Transferencias correntes</i>	257.936,84
OP. CORRENT		4.907.466,73
6	<i>Investimentos reais</i>	457.210,32
7	<i>Transferencias de capital</i>	0,00
8	<i>Activos financeiros</i>	0,00
9	<i>Pasivos financeiros</i>	97.000,00
OP. CAPITAL		554.210,32
TOTAL PTO.		5.461.677,05

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

TERCEIRO. Expor ao público o Orzamento Xeral, as Bases de Execución e cadro de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.



CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación."

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta **APROBADA** por SETE votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(3) e CINCO votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2022, xunto coas súas Bases de execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos	1.899.500,00
2	Impostos indirectos	50.000,00
3	Tasas e outros ingresos	568.980,00
4	Transferencias correntes	2.943.197,05
5	Ingresos patrimoniais	0,00
OP. CORRENT		5.461.677,05
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
OP. CAPITAL		0,00
TOTAL PTO.		5.461.677,05

ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal	1.925.802,79
2	Gastos de bens correntes e servizos	2.717.227,10
3	Gastos financeiros	6.500,00
4	Transferencias correntes	257.936,84
OP. CORRENT		4.907.466,73
6	Investimentos reais	457.210,32



7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	97.000,00
OP. CAPITAL		554.210,32
TOTAL PTO.		5.461.677,05

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

TERCEIRO. Expor ao público o Orzamento Xeral, as Bases de Execución e cadro de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

Expediente 495/2022. Aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2/2022.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 5, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sra. Pereira González: Si o orzamento é unha peza fundamental para ter ordenada a planificación do gasto do ano, o recoñecemento extraxudicial de crédito é outra peza fundamental para pagar as facturas que se adebedan, para poñer o contador a cero e como xa sabedes.

Como xa temos repetido en moitas ocasións, o recoñecemento extraxudicial de crédito é un procedemento que nos permite imputar facturas dun exercicio a outro exercicio, ben porque se quedaran sen crédito no momento en que foron presentadas ou por terse presentado nun exercicio posterior ao momento do servizo. Neste caso estaba o compañeiro Joaquín no ultimo pleno ansioso por saber a cifra, aquí a ten, trátase de 1.270.389,83€ e veñen distribuídos en oito relacións. O expediente é simple como de costume, relación de facturas por un lado, informe de intervención por outro e proposta, neste caso posiblemente polo elevado número de facturas e por coller cambio de exercicio anual e incluso por coller facturas que van con cargo a subvencións e non con cargo ao orzamento, ao mellor está un pouco máis complexo que outras veces a hora da relación de facturas.

A primeira relación de facturas inclúe facturas de gasto corrente dos meses de setembro a decembro e ten un importe de 745.649,99€, o primeiro recoñecemento



chegou ata ao 31 de agosto; segunda relación facturas de setembro a decembro pero que van ao apartado de inversión ten un importe de 279.095,5€. Outro listado coas facturas que se presentaron no mes de xaneiro pero que corresponden a servizos prestados no mes de decembro, que teñen data de facturación de decembro e aquí neste apartado temos por un lado un listado de facturas que non teñen aperturada aínda a área e por iso están aparte son 99.588,06€. Partidas de outras vinculacións 124.146,21€, neste listado houbo un erro, o documento que está no expediente a cifra final é a correcta pero no listado se incluíron facturas no mes de febreiro que non están sumadas, nin teñen sequera posta a partida como puideron ver. Onte se lle facilitou o listado correcto, pero en nada cambia na suma da cifra porque esa facturas están no listado pero non estaban sumadas. Temos unha relación de facturas do servizo de atención temperá que como sabedes que cubre a subvención tanto o servizo como os gastos derivados da actividade e corresponden ao mes de decembro, se presentaron en xaneiro e polo tanto necesitan aprobación plenaria, pero non van con cargo ao orzamento senón que van con cargo ao proxecto de subvención. Unha factura do obradoiro de emprego que está exactamente na mesma situación e unha factura do gabinete de psicoloxía que tamén precisamente se encontra na mesma situación. Son facturas que corresponden ao mes de decembro e que se presentan unha vez termina o mes. Por último, temos unha relación de 122€ que son o pago das cotas da Comunidade do piso do que o Concello é propietario na rúa Arxentina, pois como cada propietario temos que pagar a cota da Comunidade e se nos presentou a final de ano o segundo semestre, o primeiro semestre está pagado pero o segundo semestre non foi posible facer o pago e ven a este recoñecemento extraxudicial de crédito.

Son entorno a algo máis de mil facturas, nas que podemos atopar todo tipo de gasto. Supoño que o compañeiro Joaquín irá collendo factura por factura segundo lle interese, como tampouco o tempo da para máis, para facer un resume, temos gastos en mantemento, reparacións de vieiros, e de edificios municipais que ascenden aos 500.000€, gastos de enerxía e electricidade de máis de 200.000€, gastos en limpeza por valor de 130.000€, desbroces 20.000€, vehículos, mantementos e gasóleo 25.000€ e case 100.000€ que son de subvencións. Por un lado temos facturas de Penedo Redondo, que está no capítulo de inversión pero que é unha obra que está subvencionada e temos estes listados que vos comentei e incluso a de servizo de axuda no fogar, que precisamente despois deste pleno temos escasos catro días para facer pago da factura e que forme parte da xustificación que son entorno a 50.000€.

Sr. Núñez Troncoso: Este expediente, Lucía, non é un expediente habitual, habitual o fan vostedes, é un expediente excepcional, e así o di o informe de intervención. Decía poñer o contador a cero, e que todos os anos está poñendo o contador a cero, a costa de quen? dos provedores que están financiando ao Concello, así calquera pon o contador a cero. Traen vostedes un recoñecemento de 1.270.000€, 1018 facturas que sumadas ao anterior recoñecemento fan un total de 1.294 facturas por un importe total de 1.730.000€ que deixaron vostedes sen pagar do exercicio 2021, o segundo mai alto da historia deste Concello despois do ano pasado sendo Alcadesa



M^a Dolores Castiñeira, unha auténtica barbaridade, pero o máis grave é como tramitan vostedes o orzamento, como xestionan os gastos deste Concello. *“A maioría das facturas e gastos obxecto de recoñecemento extraxudicial que nos ocupa carecen de todo tipo de tramitación administrativa e contable e respecto dos cales non consta a xustificación da súa necesidade, fiscalización e autorización previa do gasto”,* iso o di intervención non o di este grupo. *“Na realización de todo tipo de gasto público se debe ter en conta as seguintes premisas: estrito control, contención do gasto, limitación, austeridade e planificación”,* iso tamén o di intervención. Como xa dixen antes, desto non cumpren nada e lle poño un exemplo, facturas de inversión hai facturas por 39.000€, 35.000€, 34.000€, 23.400€ onde está a planificación tal como lle di intervención? porque si existira planificación como xa dixemos antes, estarían contemplados no orzamento do 2021, onde está esa planificación? Incumprimento da orde de prelación de pagos, leo o que pon intervención: *“advirtese que a existencia de facturas sen tramitar a día da data determina ademais de todo o anterior, o incumprimento da orde de prelación na tramitación do expediente establecidos pola Lei 39/2005 sen que se xustifique adecuadamente o motivo da alteración desta prelación”,* ou sexa, que se paga unhas antes que outras. Hai so unha factura pequena de publicidade e propaganda, niso están ao día, pero pagar pagarlle aos provedores sobre todo locais, pequenos comercios, pequenas empresas locais, niso non. Débenlle vostedes a Hermanos Rodríguez, lle deben vostedes a Adoración Tellado González, lle deben vostedes a Repuestos Ojea, lle deben vostedes a Guadalupe Rodríguez Lemos, lle deben vostedes a Talleres Caselas, lle deben vostedes a Salceda Motor, etc... todos estes pequenos comercios e pequenas empresas locais, isto é de verdade o apoio ao comercio local do que vostedes tanto alardean? de boquita si pero na práctica no. Contención do gastos, hai unha factura “fabricación e montaxe de dúas xardiñeiras xiratorias” de 7.200€, de verdade que este é unha urxencia, é prioritario? e despois temos veciños nas parroquias que no caso de necesitar unha ambulancia teñen que levar a camilla por un camiño 200 metros, é lamentable o orden de prioridades que teñen vostedes. Que dicir *“da falta de tramitación administrativa, insuficiencia de crédito para o resto do exercicio, carencia de contratos, incumprimento da orde de prelación, ou fraccionamento de contratos”,* iso o di intervención e por iso o reparo de intervención é suspensivo, que significa reparo suspensivo? pois que se deben subsanar os defectos que ten este expediente, que son moitos, para poder seguir coa tramitación salvo que vostedes, que é o que van a facer agora, levanten ese reparo e nós dende logo non vamos a participar neso.

Sra. Alcaldesa: O compañeiro do Partido Popular facía referencia no punto anterior aos gastos en educación, a redución en educación, o que non fixo o compañeiro do Partido Popular neste punto foi facer tamén revisar os importes que se pagou por mor da pandemia en limpeza dos centros escolares, máis de 100.000€ a maiores da limpeza, onde están algúns deses provedores que vostede acaba de nomear, gastos extra que se tivo que facer o Concello porque desgraciadamente ninguén se fixo cargo deles e a pandemia había que darlle solucións a todos os sitios empezando polos centros escolares. Repítolle, máis de 100.000€ en gastos extra de desinfección,



máis alá da limpeza habitual dos centros escolares, 60.000€ en limpeza e desinfección en instalacións deportivas que vostede tampouco fala desas, divisións que se tiveron que facer no CDL – Torrón ou na aula do CRA de San Xurxo para dar cabida e cumprimento aos protocolos e poder seguir atendendo aos usuarios e usuarias tanto no CDL-Torrón como aos nenos e nenas nos colexios, etc... Aumentos de servizos sociais para facer fronte a eses gastos que a pandemia nos trouxo a maiores, material de hixiene e toallitas, mascarillas e demais. Creo que a xestión do gasto a veces tamén depende das circunstancias e do contexto no que estamos e si vostede lee e escolle esas facturas que a vostede lle parecen que son máis sangrantes, escolla tamén todas esas nas que tivemos que facer fronte a un gasto inesperado desgraciadamente como outros Concellos, porque outras administracións non se fixeron cargo. É verdade, a pandemia incluso nos arrastrou non só o ano pasado senón que nos arrastrou traer do ano anterior moitos gastos extras que tivemos que facer fronte. Pídlle que o mesmo que fai a relación coas outras facturas tamén fagan a relación con esas facturas que tivemos que facer fronte porque moitos deses provedores tamén de Salceda son por gastos deste tipo e que afortunadamente arrimaron o ombreiro o cal hai que agradecer tamén. A veces páganse facturas antes que outras, debería tamén saber que esas facturas que se pagan antes que outras están ao mellor ligadas a subvencións que hai que xustificar a tempo e que para non perder eses cartos o que non pode vostede e estar dicindo esas cousas e é o que esta dicindo realmente é que os técnicos ou o departamento de intervención non fai o seu traballo e non é así, que si o fai. Moitísimas veces son gastos de subvencións que hai que facer fronte en tempo e forma, como vai pasar agora que hai facturas que hai que pagar xa para poder xustificar os servizos sociais como acaba de dicir a compañeira de facenda.

Sra. Pereira González: Estou un pouco cansa que pleno tras pleno vostede insinúe que neste Concello non se cumpre a legalidade, si vostede ten a sospeita ou a firme convicción como así o fai saber, sabe vostede onde o ten que denunciar, o que pasa é que xa foi e xa volveu de volta. O que se somete a votación neste punto, si vostede le a proposta de acordo, non é a xestión económica deste goberno o que se somete a aprobación é a aprobación e pago das facturas, o que vamos a votar é si lles pagamos aos provedores si ou non, así de sinxelo. Enumera unha serie de provedores os que lles debemos pero vostedes van a votar en contra, vostedes van a votar que non lles paguemos, saían aí a fora e explíquenllo, que baixo a súa responsabilidade os provedores non cobrarían. A competencia para levantar este reparo é do pleno precisamente e si houbo máis gastos previstos no orzamento agora nos corresponde aprobalos e pagalos.

En canto á prelación de pagos das facturas, xa llo explicou a Alcadesa, as facturas se pagan por estrito orden de entrada, segundo teñen crédito ou non, iso tamén pode dar pe a que haxa facturas que xa non teñen crédito nas súas áreas e outras que si e que son do mesmo tempo e que, por suposto, as que teñen subvención se pagan en tempo para poder xustificar a subvención como é o caso de catro facturas que hai nesta relación, que se van a pagar tan pronto remate o pleno para poder xustificar en



tempo e despois se pagará o resto do REC. Aos provedores hai que pagarlle polos traballos feitos,ígame vostede destas mil que hai neste listado que gastos non se deberían ter feito, diga vostede que é o que non se debería ter feito, hai que cumprir cos provedores, os traballos están feitos os servizos están prestados é e a nosa obriga votar que si e pagarlle aos provedores.

Sr. Nuñez Troncoso: Creo que a calquera dos que estamos aquí e calquera veciño que nos está vendo, nos gustaría nas nosas casas gastar máis do que temos ou ter máis do que temos pero os cartos son os que son e temos que adaptarnos a iso, agora da forma que fan vostedes non pasa nada. Nós non estamos en contra de que haxa que pagarlle a esas empresas, estamos en contra de como xestionan vostedes a xestión económica deste Concello, que traballan e, desculpen si lles molesta, a base se ocorrencias, porque non é normal que facturas de 38 – 39.000 euros se adxudiquen a dedo e non haxa un control estrito sobre ese gasto e menos sen planificar iso si que non é normal. Falaba a Sra. Alcaldesa de gastos de educación, iso foi no 2021, vostedes aprobaron un orzamento para o 2021 ese problema xa o tuvo no 2020 porque non o planificou no orzamento do 2021? Porque iso tamén llo di intervención, planificación do gasto, porque non o fixo si xa tivo o mesmo problema no 2020? Pode haber gastos extraordinarios, excepcionais, que é esta figura do recoñecemento e nos aí pode ter por seguro que estamos de acordo con ese tipo de gastos, agora, aquí hai unha porcentaxe alta que non son extraordinarios e repito, planificación non existe. Agora nos saen tamén que nós estamos poñendo en dúbida os traballos dos técnicos de intervención, nós non puxemos para nada en dúbida os traballos dos técnicos e máis, son os técnicos de intervención os que lle están pedindo reiteradamente máis medios persoais e técnicos que non os teñen, hai gasto en cargos políticos pero non en persoal técnico e material, iso é o que lle está dicindo informe tras informe o departamento de intervención, Sra. Alcaldesa, xa bastante fan cos medios que teñen.

Volvo a insistir, a prelación dos pagos, o di intervención claramente, lle volvo a repetir *“advirtese a existencia de facturas sen tramitar ata o día da data, determina, ademais de todo o anterior, o cumprimento da orde de prelación na tramitación dos expedientes”* e non me veñan con que é para xustifica subvencións, iso non é ao que se refire intervención e vostede o sabe perfectamente.

Sra. Alcaldesa: Non foron ocorrencias, hoxe mesmo en canto se aprobe isto lle está repetindo a Concelleira de Facenda que se teñen que realizar os pagos para poder xustificar a subvención e vostede sábeo, ou non sabe que temos uns prazos para xustificar subvencións e que hai que pagar as facturas e presentalas nesos prazos? Vostede acaba de dicir que me acabo de quitar da manga o tema de que se ten que xustificar unha subvención e que iso non é verdade, e é verdade, as subvencións hai que xustificalas en prazo e si hai que pagar unha factura de marzo e aínda están sen pagar as de xaneiro pois pagaremos as de marzo porque hai que xustificalas en prazo. En canto a si se planifican ou non se planifican os gastos de pandemia a min me sorprende, e me sorprende ben porque o Sr. Joaquín debe ser a única persoa que



soubo adiantarse á pandemia e sabía canto ia a durar e canto ia a gastar e ata onde ia chegar, desgraciadamente esta pandemia que aínda estamos a sufrir, polas súas palabras é o que se deduce. Pasamos a ler a proposta de acordo seguinte:

“Resultando preciso recoñecer obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento cando está constatada a efectiva prestación dos servizos e subministrados de bens e servizos por parte dos terceiros, e constan no expediente as facturas e documentos xustificativos acreditativos de cada un dos gastos debidamente conformados polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

Considerando que o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, establece: “Corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria...”

Visto o informe da Interventora municipal núm. 2022-0036 coa correspondente nota de reparo.

Considerando que o artigo 217.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (R.D. Legislativo. 2/2004, de 5 de marzo) atribúe ao Pleno da Entidade a resolución dos reparos formulados pola Intervención municipal cando é por insuficiencia ou inadecuación de crédito.

En atención ao exposto, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

Aprobar o levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2/2022 correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan no expediente núm. 495/2022, ascendendo a un total de 916.155,13 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2022, nesta data prorrogado do ano 2021.

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2/2022 correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan no expediente núm. 495/2022, ascendendo a un total de 354.234,70 euros, quedando dito recoñecemento condicionado a entrada en vigor do orzamento para o exercicio 2022.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta **APROBADA** por **SETE** votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(3) e **CINCO** votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte



ACORDO:

Aprobar o levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2/2022 correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan no expediente núm. 495/2022, ascendendo a un total de 916.155,13 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2022, nesta data prorrogado do ano 2021.

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2/2022 correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan no expediente núm. 495/2022, ascendendo a un total de 354.234,70 euros, quedando dito recoñecemento condicionado a entrada en vigor do orzamento para o exercicio 2022.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

